



INSTITUTO GALEGO DE  
**ESTADÍSTICA**

# **PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN 2019**

## **INFORME**

Aprobado polo Consello Reitor do IGE, en cumprimento da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia



O Plan anual de actuación do IGE 2019, aprobado por Orde da Consellería de Facenda, do 27 de decembro de 2018, contempla 26 actuacións que se suman, como soporte e complemento, ás do Decreto 165/2018, do 27 de decembro, no que se regula o Programa estatístico do mesmo ano.

### **1. Recollida de coordenadas xeográficas das unidades estatísticas**

- Realizada

### **2. Recompilación de datos de emprego non dispoñibles no directorio de empresas e unidades locais para os establecementos dependentes da administración autonómica**

- Realizada.

### **3. Participación en congresos e xornadas**

#### a) Relatorios presentados e outras actuacións en congresos, cursos, seminarios e xornadas

- Utilidade dos descritores aplicativos e a súa estimación na estatística oficial. Wenceslao González Manteiga e Carlos Luís Iglesias Patiño. Publicado en "Estadística Española. Volume 60, nº 196".
- Sesión sobre o sector da minería e fabricación de produtos minerais non metálicos. IGE. Santiago de Compostela. Xaneiro 2019. Raúl Jácome Rodríguez e Trinidad Teijeiro Campos presentaron os resultados da análise destas ramas de actividade.
- Curso de software libre R para o Consello Económico e Social (CES). IGE. Santiago de Compostela. Maio-xuño 2019. Impartido por Juan Gómez Duaso, María Esther López Vizcaíno e Marta Suárez Morao.
- Sesión do comité de seguimento do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Consellería de Facenda. Xuño 2019. Raúl Jácome Rodríguez presentou o relatorio "Impactos na actividade económica e no emprego dos fondos Feder 2014-2020".
- Seminario sobre uso das webs das oficinas estatísticas europea, estatal e autonómica. IGE e EUROSTAT. Santiago de Compostela. Xuño 2019. Noa Veiguela Fernández presentou un relatorio sobre os datos e servizos do IGE e do INE.
- Xornada sobre a cesta da compra a exame. Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL). Santiago de Compostela. Xuño 2019. Manuel Mateo Díaz participou nunha mesa redonda sobre a capacidade económica do consumidor galego e a súa influencia na conformación da cesta da compra.
- Xornadas de aprendizaxe e ensino das matemáticas. Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA). A Coruña. Xullo 2019. Noa Veiguela Fernández impartiu o taller sobre como levar a estatística da vida real ás aulas de matemáticas.
- VIII Xornadas de análise input-output. USC. Grupo de Análise e Modelización Económica (GAME), AYeconomics Research Centre SL e Sociedade Hispanoamericana de Análise Input-output (SHAIO). Santiago de Compostela. Setembro 2019. O IGE patrocinou as xornadas, participou no comité organizador local e coordinou o II Encontro de estatística oficial no marco input-output. María Esther Calvo Ocampo, Raúl Jácome Rodríguez, Marta Suárez Morao, María Trinidad Teijeiro Campo e María del Carmen Vilas Cruz presentaron o relatorio "O reto de reflectir a realidade económica nas táboas de orixe-destino".
- VI Xornada de usuarios de R en Galicia. Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións de Xestión Universitaria (CIXUG). Santiago de Compostela. Outubro 2019. Presentáronse os relatorios:
  - O emprego de R na planificación estatística. Carlos Luís Iglesias Patiño, María Martín Vila e Estefanía Villar Cheda.
  - Cociña rápida de gráficos elegantes con R. María Esther López Vizcaíno.

- XIV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións. Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO). Vigo. Outubro 2019. O IGE patrocinou o congreso e María Esther López Vizcaíno formou parte do seu comité científico. José Roberto García Olano participou nunha mesa redonda sobre a importancia da estatística na vida diaria e presentáronse os seguintes relatorios:
    - Os tabuladores, as súas compoñentes e máis a súa utilidade. Carlos Luís Iglesias Patiño.
    - O inventario de operacións e actividades estatísticas. indicadores de calidade. Carlos Luís Iglesias Patiño, María Martín Vila e Estefanía Villar Cheda.
    - Proxeccións de taxas de actividade. Eva Alberte Aparicio e Pablo Torrado Solar.
    - Unha aproximación á avaliación do impacto recente de fondos europeos en Galicia. Esteban Andiñón Hermida, A. Barros Torres, María Esther Calvo Ocampo, Carlos Luís Iglesias Patiño, Raúl Jácome Rodríguez, Jesús Landeira Caamaño, María Esther López Vizcaíno, Juan Manuel Martínez Barral, Isabel del Río Viqueira, Ángel Luís Tarrío Tobar e Noa Veiguela Fernández.
  - Máster universitario en xestión e dirección laboral. USC. Santiago de Compostela. Novembro 2019. O IGE participou impartindo a materia "Información estatística sobre o mercado laboral". Manuel Mateo Díaz.
  - VI Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística. Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) e Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA). Santiago de Compostela. Novembro 2019. Organizouse un obradoiro sobre ferramentas para elaborar unha enquisa e implantar cuestionarios online. María José Ginzo Villamayor e María Martín Vila.
- b) Congresos, cursos, seminarios e xornadas ás que asistiu persoal do IGE
- II Xornada de presentación de software libre para uso científico. Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MeLiSA). Santiago de Compostela. Abril 2019.
  - Curso de formación sobre os obxectivos de desenvolvemento sustentable ODS-Axenda 2030. UNICEF e Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Abril 2019.
  - Indicadores demográficos básicos. Instituto Nacional de Estatística (INE). Madrid. Maio-Xuño 2019.
  - XXIX Congreso da Asociación Científica de Economía e Dirección de Empresas. Universidade da Coruña (UDC). A Coruña. Xuño 2019. O IGE patrocinou o congreso.
  - Xornada sobre uso non ético da estatística. Consellería de Sanidade. Santiago de Compostela. Setembro 2019.
  - IV Edición do Machine Learning Workshop Galicia. Facultade de Informática da UDC. A Coruña. Outubro 2019.
  - Sesión explicativa do Sistema electrónico de atención á cidadanía (SIACI). Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Santiago de Compostela. Outubro 2019.
  - Innpar2D Workshop. Facultade de Matemáticas da USC. Santiago de Compostela. Decembro 2019.

#### **4. Xestión de fondos da biblioteca do IGE**

- Realizada

#### **5. Curso impartidos na EGAP**

Estatística avanzada co software libre R. Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Santiago de Compostela. Setembro-novembro 2019.

**6. Colaboración coa SGAPEIO no IX Concurso incubadora de sondaxes e experimentos**

- Realizada

**7. Participación do IGE na XIII Feira matemática da AGAPEMA**

- Realizada

**8. Prácticas de estudantes das universidades galegas**

O IGE tiña asinados sete convenios coas universidades para prácticas de estudantes:

- Facultade de Matemáticas da USC
- Máster universitario en técnicas estatísticas. UDC, UDV e USC
- Máster oficial en desenvolvemento económico e innovación. USC
- Programa de doutoramento en xestión sustentable da terra e do territorio. USC
- Facultade de Filoloxía e Tradución. UVigo
- Grao en xeografía e ordenación do territorio e máster universitario en planificación e xestión do desenvolvemento territorial. USC
- Facultade de socioloxía da UDC

Na súa aplicación realizaron prácticas no IGE no 2019 tres estudantes sobre:

- Recompilación de información sobre indicadores de estatística xeoespacial
- Estudo da calidade da información difundida polo IGE empregando técnicas de Big Data e Machine Learning
- Tradución ao galego da nova versión do código de conduta das estatísticas europeas

**9. Xornadas de portas abertas**

No 2019 visitaron o IGE alumnos dos seguintes centros de ensino:

- Centro de FP EFA Piñeirál
- IES Fernando Blanco
- CIFP Rodolfo Ucha
- Facultade Ciencias da Educación
- Centro EPAPU de Albeiros
- IES Julio Prieto Nespereira
- CIFP Rodolfo Ucha
- IES Pedro Floriani
- IES Johan Carballeira
- IES Rosalía de Castro
- Escola Rosalía de Castro
- IES San Mamede

**10. VIII xornadas de análise input-output. Organización do segundo encontro de estatística oficial no marco input-output**

- Realizada

**11. Participación na organización do XIV Congreso da SGAPEIO**

- Realizada

**12. Seminarios informativos para as oposicións á escala superior de estatística**

- Non realizada

**13. Apoio á ATRIGA na valoración de bens inmoables para a orde de valoración de bens dalgúns tributos**

- Realizada

**14. Participación na estimación da recadación das principais figuras tributarias da C.A**

- Realizada

**15. Microsimulación de impactos no IRPF**

- Realizada
- 16. Axencias de Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas**
  - Realizada
- 17. Informe sobre a posición cíclica da economía galega**
  - Realizada
- 18. Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma**
  - Realizada
- 19. Colaboración no informe económico-financeiro dos orzamentos xerais da C.A**
  - Realizada
- 20. Informe para a AIReF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma**
  - Realizada
- 21. Participación no grupo de traballo da AIReF sobre elaboración de metodoloxía para cadros macroeconómicos rexionais**
  - Reunión bilateral coa AIReF sobre emprego de modelos de equilibrio xeral dinámico
- 22. Análise do sistema de indicadores estatísticos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible de Galicia**
  - Realizada
- 23. Estudo sobre aplicación de modelos de equilibrio xeral dinámico estocástico na economía galega**
  - Realizada
- 24. Apoio á avaliación do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020**
  - Realizada
- 25. Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia**
  - Non realizada
- 26. Oposicións á escala superior de estatística**
  - No DOG nº 80, do 26 de abril de 2019, publicáronse as convocatorias dos proceso selectivos das escalas superior e técnica de estatística de Galicia.

## Anexo I

### Normativa

- ▶ Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- ▶ Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística
- ▶ Orde da Consellería de Facenda, do 28 de decembro de 2016 pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2017
- ▶ Orde da Consellería de Facenda, do 29 de decembro de 2017 pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2018
- ▶ Orde da Consellería de Facenda, do 27 de decembro de 2018 pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2019
- ▶ Orde da Consellería de Facenda, do 27 de decembro de 2019 pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2020

## Anexo II

### **Orde da Consellería de Facenda, do 27 de decembro de 2018, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2019**

O Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística (IGE), desenvolve as previsións da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA), en coherencia coa Lei 9/1988 de estatística de Galicia (LEG) e co resto da normativa específica da Comunidade Autónoma na materia.

Segundo se ordena na LOFAXGA, os organismos autónomos desenvolverán a súa actividade consonte un Plan anual de actuación, que será aprobado por orde da consellería de adscrición. En aplicación da LEG e do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o IGE está adscrito á Consellería de Facenda.

As tarefas encomendadas ao IGE no Plan anual de actuación sumaranse ás que se lle asignen no decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma, tal e como se prevé no artigo 9 da LEG e no capítulo II do título I da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021.

O Consello Galego de Estatística, creado no artigo 45 da LEG como órgano superior consultivo da actividade estatística, e o Consello Reitor, previsto no artigo 63 da LOFAXGA como órgano superior de goberno do IGE, aprobarán os resultados da actividade anual do IGE, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais.

En canto aos recursos asignados para conseguir os obxectivos previstos, correspóndelle ao Consello Reitor aprobar o anteproxecto de orzamentos e a proposta de relación de postos de traballo do IGE.

Con base en todo o anterior,

DISPOÑO:

Artigo 1 *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto aprobar o Plan anual de actuación do Instituto Galego de Estatística para 2019.

Artigo 2. *Contido*

O IGE, como soporte e complemento das actuacións que se lle encomenden no Programa estatístico anual, realizará no 2019 as seguintes:

1. Coordinación do sistema estatístico galego
  - Recollida de coordenadas xeográficas das unidades estatísticas
  - Recompilación de datos de emprego non dispoñibles no directorio de empresas e unidades locais para os establecementos dependentes da administración autonómica
2. Difusión, comunicación e atención aos usuarios
  - Participación en congresos e xornadas
  - Xestión de fondos da biblioteca do IGE
3. Cursos, seminarios e outras actividades formativas e divulgativas
  - Cursos impartidos na Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
  - Colaboración coa Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) no VIII Concurso incubadora de sondaxes e experimentos
  - Participación do IGE na IX Feira matemática da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA)
  - Prácticas de alumnos das universidades galegas
  - Xornadas de portas abertas
  - VIII Xornadas de análise input-output. Organización do segundo encontro da estatística oficial no marco input-output
  - Participación na organización do XIV Congreso da SGAPEIO
  - Seminarios informativos para as oposicións á escala superior de estatística
4. Outras actividades
  - Apoio á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) na valoración de bens inmobles para a orde de valoración de bens dalgúns tributos
  - Participación na estimación da recadación das principais figuras tributarias da Comunidade Autónoma
  - Microsimulacións de impactos no IRPF
  - Axencias de Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas
  - Informe sobre a posición cíclica da economía galega
  - Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
  - Colaboración no Informe económico-financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
  - Informe para a AIReF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
  - Participación no grupo de traballo da AIReF sobre elaboración de metodoloxía para obter cadros macroeconómicos rexionais
  - Análise do sistema de indicadores estatísticos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible de Galicia
  - Estudo sobre a aplicación de modelos de equilibrio xeral dinámico estocástico na economía galega
  - Apoio á avaliación do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020
  - Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia
  - Oposicións á escala superior de estatística



Artigo 3. *Recursos orzamentarios*

Para realizar as actuacións deste plan e as que se lle encomenden no programa estatístico do mesmo ano, o IGE contará cos recursos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Artigo 4. *Recursos persoais*

En desenvolvemento da estrutura organizativa do IGE, regulada na sección III do capítulo II do Anexo do seu Estatuto, os postos de traballo do IGE son os previstos na súa relación de postos de traballo, publicada como Resolución do 12 de maio de 2017 (DOG nº 97, do 23 de maio).

Disposición derradeira única. *Efectos*

A presente orde terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2019.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Valeriano Martínez García

Conselleiro de Facenda